

Acta da Comisión Permanente do día 30 de setembro de 2021

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 30/09/2021.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 30/09/2021.
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria.
- IV. Táboas de recoñecemento de materias entre os plans en extinción e os plans novos dos graos EE e ERME.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13:30 horas na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 23 de xullo de 2021.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior.

2. **Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG, que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.**

A Presidenta cede a palabra a Francisco Deive, coordinador do GEE, quen sinala que se achegaron 6 solicitudes (3 do GERME e 3 do GEE). Comenta a proposta de organización de sesións e tribunais para o 5 outubro (ANEXO III) e sinala que aínda están pendentes de confirmación algúns dos seus compoñentes. Proponse delegar na dirección a composición definitiva dos tribunais.

Apróbase por asentimento a proposta de configuración dos tribunais; cando sexa definitiva publicarase na web.

3. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

A Presidenta cede palabra a M. Carmen Romo, Xefa do Negociado de Asuntos Xerais, quen expoñe as tres solicitudes achegadas.

Solicitudes de recoñecemento de créditos: un alumno do GEE (plan en extinción) solicitou admisión no GERME (plan novo) a través da CIUG; matriculouse no primeiro curso e achegou unha solicitude de recoñecemento das materias superadas no grao de procedencia. A adaptación dun plan en extinción ao plan novo correspondente é automática pero, neste caso, trátase dun cambio de plan. Como as materias son as mesmas se recoñecerían automaticamente pero é necesario o visto bo da comisión.

Apróbase a proposta por asentimento.

Solicitudes de matrícula a tempo parcial: as solicitudes de matrícula a tempo parcial se corresponden cun procedemento de tipo administrativo consistente unicamente en comprobar que cumplan os requisitos establecidos pola normativa da Universidade. Proponse delegar na propia Área Académica de Grao a resolución favorable das solicitudes de matrícula a tempo parcial, presentadas por alumnado deste centro, que cumplan os requisitos establecidos.

Apróbase a proposta por asentimento.

Táboa de adaptación dos plans en extinción aos plans novos

A Presidenta sinala que se están a aplicar as táboas de recoñecemento en base ao indicado nas memorias de verificación, pero hai algunhas casuísticas que non foron contempladas nas memorias de verificación, polo que se fixo unha revisión das táboas de recoñecemento de materias entre os plans en extinción e os plans novos dos respectivos graos. Trátase dunha mellora dos recoñecementos recollidos nas Memorias de Verificación dos respectivos graos para emendar algunhas erratas e carencias detectadas, en base á casuística das solicitudes achegadas, e establecer uns recoñecementos definitivos (táboas recollidas no ANEXO IV).

Apróbase a proposta por asentimento. A Presidenta sinala que a modificación das táboas se explicará nunha sesión informativa para o estudantado e que se publicarán nas aulas as novas táboas de adaptación.

4. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 7 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a trinta de setembro de dous mil vinte e un.

Vº e Prace
A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 30/09/2021

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 30/09/2021

Asistentes á Comisión Permanente do 30 de setembro de 2021
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
Francisco Javier Deive Herva
Profesorado
Alfonso Mandado Vázquez
Teresa Rivas Brea
Estudantes
Marta Caride Pérez
Santiago Domínguez Blanco
Belén Parente Artime
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Escusa a súa ausencia M^a del Carmen Pérez Pérez.

ANEXO III

**Tribunais de TFG que xulgarán os traballos
presentados nesta vindeira convocatoria**

ANEXO IV

**Táboas de recoñecemento de materias entre os plans en extinción
e os plans novos dos graos EE e ERME.**